



## PREGUNTA ORAL SOBRE O REXISTRO MUNICIPAL DE VIVENDAS DE USO TURÍSTICO

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o pasado 10 de maio atópase en vigor o Decreto autonómico 12/2017, do 26 de xaneiro, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade autónoma de Galicia de Galicia, unha norma de gran transcendencia para o desenvolvemento turístico de Galicia e, en concreto, deste Concello de Santiago, paradigma do sector na Comunidade Autónoma.

Unha das competencias municipais ten que ver coa ordenación, regulación e promoción do turismo no seu ámbito, realizando un labor complementario do que desenvolve a Xunta de Galicia

Unha axeitada ordenación e regulación do sector debería pasar por un coñecemento exhaustivo da realidade, para poder tomar decisións coa debida cautela, con axilidade e facendo para iso un uso axeitado das ferramentas que a Administración local ten ao seu alcance. Deste xeito, poderían evitarse medidas tomadas á lixeira, sen o fundamento necesario, que poden acabar por ser perniciosas para o sector. É así como se pode contribuir a manter unha oferta ben dimensionada, de calidade, cuns controis e uns requirimentos que incrementen as garantías de cara ás persoas implicadas e con iso un incidencia cada paso máis relevante na economía local.

A pesar da escaseza de accións municipais neste senso, no pasado mes de marzo a concelleira con competencias na materia avanzou que o Concello decidira realizar un “estudo serio” para aclarar o panorama turístico residencial, cuantificando o número de vivendas deste tipo que funcionan no casco histórico, os pisos de estudantes que se destinan a este fin, etc.. “A nosa obriga é nos vindeiro meses ter unha fotografía adecuada sobre a implantación na cidade”, manifestou publicamente.

En relación con este cuestión, formulamos a seguinte pregunta:

***Cando, a quen e en que termos se fixo o encargo deste estudo sobre as vivendas de uso turístico existentes no concello e que prazo concreto se dispuxo para o seu remate e entrega?***

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2017

María Ángeles Antón Vilasánchez  
Concelleira do Grupo Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela